



ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE FOZ

Artigo 1.- Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por prestación de servizos ou a realización de actividades administrativas de competencia local, pola “utilización do polideportivo municipal de Foz”, que se rexerá pola presente Ordenanza, as normas das cales atenden ó previsto no artigo 58 en relación co artigo 20.4.o), ámbolos dous da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, de acordo coa modificación establecida na Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais e de Carácter Público.

Artigo 2.- Obrigados ao pagamento

1. Están obrigados ao pagamento da Taxa reguladora nesta Ordenanza, as persoas físicas ou xurídicas que pretendan facer uso dos servizos que o Concello presta no Pavillón Polideportivo. Non se empregará ningún servizo do devandito pavillón que non fose previamente solicitado e autorizado polos órganos administrativos competentes.

2. Quedan exentos do pagamento, tralo recoñecemento do órgano municipal competente, as agrupacións sociais e culturais con carácter deportivo deste Concello, así como entidades ou agrupacións con sede social neste termo, que se encontren debidamente federadas.

Artigo 3.- Contía

1. A contía da Taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte, atendendo á natureza da actividade a desenvolver.

2. As tarifas da Taxa serán as seguintes:

- **1,202024 euros/por hora individual de persoa física.**
- **3,005061 euros por grupos**

Artigo 4.- Normas de xestión

A administración e cobro dos dereitos desta Taxa levaranse a cabo da seguinte maneira:

O pagamento efectuarase, ben á Tesoureira ou persoa destinada a tal efecto, ou ben á entrada nas instalacións municipais á persoa encargada deste cometido.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

As cotas liquidadas e non satisfeitas ao seu debido tempo, faranse efectivas pola vía de constrinximento.

Disposición final

A presente Ordenanza que consta de catro artigos, entrará en vigor unha vez publicada no BOP e transcorrese o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e comezará aplicarse a partir do día un de xaneiro de mil novecentos noventa e nove, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

